

## **A Cámara de Comercio e a Escola de Negocios Novacaixagalicia formarán especialistas en cadros de mando**

**Ferrol. 07/11/2011.** A Cámara de Comercio de Ferrol e a Escola de Negocios Novacaixagalicia organizan un curso sobre deseño de indicadores de xestión e cadros de mando que comezará a impartirse o próximo día 15 de novembro.

Con este programa, de 24 horas lectivas, ambas as entidades buscan profesionalizar a xestión empresarial a través dunha adecuada planificación de obxectivos e do seu seguimento a través de indicadores e cadros de mando.

Pola súa temática, resulta especialmente idóneo para xerentes, propietarios e directivos de calquera área funcional, é dicir, para todas aquelas persoas con responsabilidade e capacidade para dirixir a estratexia da compañía e controlar o cumprimento dos obxectivos.

O curso ten unha orientación práctica, recollendo experiencias de éxito de pequenas e medianas empresas galegas de diferentes sectores que implantaron estes indicadores e facilitando que os asistentes poidan levar a cabo este proceso nas súas propias compañías.

Os contidos estrutúranse en tres partes, a primeira delas dedicada a introducir os conceptos básicos relacionados co Cadro de Mando Integral (CMI). Na segunda, trátase sobre a aplicación do CMI nas áreas de operacións, comercial, de finanzas e xerencia, mentres que a última parte centrarase no seguimento dos obxectivos para chegar á xestión por competencias

O curso desenvolverase en tres semanas consecutivas, en formato intensivo intensivo, os martes, de 9.30 a 14.30 e de 16 a 19 horas.

As persoas interesadas en obter máis información poden contactar co departamento de formación da Cámara (Tel. 981 333 165. Ext. 2) ou consultar a web da entidade ([www.camaraferrol.org](http://www.camaraferrol.org))

